# Lista de cotexo para autoavaliar o reto

Nome: ..................................................................... Data: ....................................

Número de tarefas: 11

| | |
|---|---|
| | No vídeo explícase con claridade o que é a música dramática. |
| | No vídeo diferéncianse os tres xéneros (ópera, zarzuela e musical). |
| | No vídeo especifícanse as ocupacións de cada equipo de traballo. |
| | O vídeo vese nítido e con calidade. |
| | O son do vídeo escóitase ben e sen ruídos. |
| | O espazo escollido para a estrea foi adecuado. |
| | A organización das distintas representacións foi correcta. |
| | A cartelería incluía toda a información necesaria do evento. |
| | A ambientación do espazo conseguiu trasladar ao público a un teatro. |
| | A explicación da proxección estivo adaptada á idade do alumnado. |
| | O público quedou satisfeito coa representación. |

Esta lista de cotexo encóntrase baixo a licenza
Creative Commons Reconocimiento-Compartir igual 4.0 International License

# Lista de cotexo para autoavaliar o traballo en grupo

Nome: .............................................................................. Data: ..............................

Número de tarefas: 18

- [ ] Participei na toma de decisións do meu grupo escoitando todas as opinións.
- [ ] Realicei as tarefas ou roles asignados.
- [ ] Colaborei en todas as actividades grupais.
- [ ] Axudei aos compañeiros e compañeiras que o precisaban.
- [ ] Esforceime por ofrecer o mellor de min en todo momento.
- [ ] Puxen en valor o traballo dos compañeiros.
- [ ] Contribuín activamente á elaboración do reto final.

Esta lista de cotexo encóntrase baixo a licenza
Creative Commons Reconocimiento-Compartir igual 4.0 International License

**Actividade:** ______________________ **Data:** ____________

**Nome:** ______________________ **Puntuación:** ____________

## Rúbrica autoavaliación "Este cole é un teatro"

| | Excelente | Moi ben | Suficiente | Preciso mellorar |
|---|---|---|---|---|
| **Mostro respecto na escoita de obras musicais e no traballo de aula.** | Mostro respecto na escoita de obras musicais e teño sempre unha boa actitude tanto no traballo como cos compañeiros/as e o profesorado. ☐ | Mostro respecto na escoita de obras musicais e no traballo de aula e teño unha boa actitude en xeral. ☐ | Mostro respecto na escoita de obras musicais e no traballo de aula. ☐ | Non sempre son capaz de mostrar respecto na escoita de obras musicais e/ou no traballo de aula. ☐ |
| **Toco e canto as obras musicais lendo unha partitura.** | Toco e canto as obras musicais lendo unha partitura e sen equivocarme nunca. ☐ | Toco e canto con facilidade obras musicais lendo unha partitura. ☐ | Toco e canto as obras musicais lendo unha partitura. ☐ | Cando temos que tocar ou cantar unha obra musical cústame ler a partitura e necesito axuda. ☐ |
| **Participo na creación dun vídeo informativo e son capaz de expresar o que sei.** | Participo na creación dun vídeo informativo e son capaz de expresar o que sei de maneira orixinal e clara. ☐ | Participo na creación dun vídeo informativo e son capaz de expresar o que sei de maneira clara. ☐ | Participo na creación dun vídeo informativo e son capaz de expresar o que sei. ☐ | Participo na creación dun vídeo informativo pero cústame expresar o que sei. ☐ |
| **Coñezo as profesións relacionadas coa música escénica.** | Coñezo as profesións relacionadas coa música escénica traballadas na clase, son capaz de diferencialas claramente e desempeñar as súas funcións. ☐ | Coñezo as profesións relacionadas coa música escénica e son capaz de aportar ideas relacionadas con elas. ☐ | Coñezo as profesións relacionadas coa música escénica. ☐ | Coñezo algunha profesión relacionada coa música escénica. ☐ |
| **Coñezo a ópera, a zarzuela e o musical e son capaz de comparalas.** | Coñezo a ópera, a zarzuela, o musical e son capaz de comparalas, diferencialas e aportar información importante. ☐ | Coñezo a ópera, a zarzuela e o musical e son capaz de comparalas e aportar información. ☐ | Coñezo a ópera, a zarzuela e o musical e son capaz de comparalas ☐ | Coñezo algún aspecto da ópera. a zarzuela e o musical. ☐ |

**Notas:**